

- Ola Andreia! Vexo que hoxe ves ben acompañada! Preséntasme ao teu amigo? -saudou Quirón.
- Este é Draco. Levamos todo o día percorrendo o Aloia e xa está case listo para volver á súa casa, pero penso que antes de marchar debería falar contigo sobre como dirixirse a outra persoa cando estea de novo nunha situación conflitiva.
- Queres saber a fórmula máxica, verdade?
- A fórmula máxica? Non sei que é iso! -respondeu Draco.
- Cando estás nunha situación que te fai sentir mal, podes reaccionar de moitas maneiras. Eu sei que Andreia e os demais seres do bosque te estiveron ensinando a coñecerte e valorarte a ti mesmo, a relaxarte, a entender aos outros e a atopar solucións que sexan boas para todas as partes, pero tamén é moi importante como dicimos as cousas. Sei que estás aquí por enfadarte cun amigo, que pasou?.
- Quitoume o meu xoguete!! E estaba a usalo eu -recordou Draco.

